

EXPEDIENTE DE CREDITO EXTRAORDINARIO 1/2020

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

O Orzamento Municipal para o exercicio 2020, contempla nas súas partidas iniciais unha serie de accións incluídas na reorientación do gasto para o ano 2020 por mor do COVID-19 e que forman parte do ambicioso PLAN MARCO DE MEDIDAS REACTIVA RIBEIRA.

- a) As axudas a outorgar dende o departamento da área social (Servizos Sociais) para emerxencia social e familias vulnerables incrementáanse nun 197%, o que significa 90.000 euros a maiores da consignación do ano 2019.
- b) Créase un novo programa denominado "Gastos excepcionais COVID-19", dotado inicialmente de 190.282,56 euros, para paliar danos producidos polo COVID-19, así como para dotar a toda poboación, aos establecementos comerciais e ao propio Concello de medidas preventivas. Tamén se atopa neste apartado o programa de axudas extraordinarias para os afectados polo COVID-19, cunha previsión económica de 95.000 €.
- c) Dótase crédito polo importe de 20.000 euros para o concurso AnimArte, para compras exclusivas no comercio local.
- d) Dótase crédito polo importe de 15.000 euros para o desenvolvemento do programa de actualización da hostalería, para a mellora da calidade e competitividade do sector hostaleiro local, mediante cursos de formación na Escola de Cociña de Ribeira.
- e) Ampliación do programa do servizo de Orientación de Emprego Local, co impulso de accións de información, intermediación e orientación laboral en colaboración co tecido comercial e industrial do Concello de Ribeira.
- f) Ampliación do "Programa de mellora na formación e cualificación profesional", con accións formativas on-line destinadas a 300 persoas afectadas polo COVID-19 de maneira gratuíta. Incluirá unha oferta de máis de 60 cursos formativos certificados, nos sectores e especialidades do tecido comercial e industrial do Concello de Ribeira. Conta cunha previsión de gasto inicial de 5.000 euros.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000794C60007E3H4V5K4I2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2020 17:35:06

EXPEDIENTE ::
2020MC_C000001

Fecha: 21/05/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





- g) Programa de becas de formación a través dun convenio co FEUGA, cunha dotación inicial de 15.000 euros.
- h) Creación do servizo de atención as actividades económicas afectadas polo COVID-19.
- i) Incremento de 3.630 horas adicionais para o servizo de axuda no fogar como consecuencia do COVID-19. Estas horas sumaranse ás xa existentes que se cifran nun total de 63.500 horas, tal e como se reflexa no expediente de contratación do servizo de axuda no fogar e dependencia aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 23 de agosto de 2019, así como as 8.210 horas desempeñadas polas empregadas municipais de axuda no fogar. Conta cunha previsión de gasto inicial de 910.627,71 euros.
- j) Declaración de urxencia de axudas de emerxencia social e de todos os gastos de índole social en xeral reducíndose os prazos de tramitación.
- k) Implantación inmediata dunha nova APP que aune todos os servizos municipais, toda a comunicación institucional, xestor de incidencias e xeolocalización do comercio e restauración local

Agora ben, a situación de partida que o Orzamento inicial representa, non pode contemplar de xeito pormenorizado todos os créditos necesarios para levar a cabo tódalas medidas que contempla o PLAN MARCO DE MEDIDAS REACTIVA RIBEIRA, e que se describen:

1. **Medidas Fiscais e Tributarias**, supoñen unha minoración nos ingresos municipais estimada en 152.000 euros.
2. **Medidas no Comercio Local**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 360.000 euros.
3. **Medidas de Promoción do Emprego**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 1.397.000 euros.
4. **Medidas de Promoción Económica**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 795.000 euros.
5. **Medidas de Promoción Social**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 1.040.627,71 euros.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000794C60007E3H4V5K412 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2020 17:35:06</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020MC_C000001 Fecha: 21/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--





6. **Medidas de Fomento da Obra Pública**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 8.500.000 euros.
7. **Medidas de Innovación Tecnolóxica**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 263.000 euros.
8. **Medidas Preventivas**, cuantifícanse inicialmente cunha previsión económica de 105.282,56 euros.

Así, e para dar cobertura a totalidade das accións previstas no PLAN MARCO, as normas orzamentarias contemplan unha serie de medidas que, cos correspondentes límites, permiten “adaptar” o Orzamento “inicial” ao que en cada caso vaia precisando a Administración Municipal.

Entre estas modificacións atópanse os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, que permiten afrontar gastos inaprazables ata o seguinte exercicio cando para eles non existan fondos no orzamento municipal do exercicio corrente.

Neste caso, a modificación proposta é un **crédito extraordinario**, xa que a intención é dotar de crédito unha serie de partidas que non existen neste momento, e que se crean en virtude do previsto na Base 11ª das de Execución do Orzamento.

Así pois, o que se pretende coa presente modificación orzamentaria é a habilitación do crédito necesario para afrontar a totalidade de Medidas expostas no Plan Marco, as cales servirán de estímulo para paliar os danos producidos polo COVID-19.

A xuízo do equipo de goberno e dadas as circunstancias excepcionais derivadas do COVID-19, a importancia das actuacións a acometer esixe a súa inmediata execución, de xeito que non é posible demorar a mesma ate a aprobación do seguinte orzamento municipal, no ano 2021.

Xunto coas medidas do Plan Marco, tamén se inclúen 2 compromisos de gasto ineludibles para o Concello e derivados de sendos acordos plenarios, como é dotar de crédito para anualidade



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000794C60007E3H4V5K4I2 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p align="center">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/05/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2020 17:35:06</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2020MC_C000001 Fecha: 21/05/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--





2020 da prestación P4 do contrato coa empresa Ferrovia e o terceiro e derradeiro prazo de pago da adquisición dos terreos a Tesourería da Seguridade Social para a construción do novo auditorio.

A relación dos proxectos de gasto que esta modificación ampararía é a seguinte:

MEDIDAS NO COMERCIO LOCAL		
231C-22696	50.000,00 €	campaña dinamización en apoio do comercio local, #EuRibeira, "Entre todos coidamos Ribeira"
231C-48001	20.000,00 €	campañas comercio local en colaboración coa Asociación de Empresarios
231C-22198	20.000,00 €	campaña Ribeira protéxete
231C-48002	30.000,00 €	campaña Innova-Formación
231C-77000	150.000,00 €	convocatoria axudas para mellorar a competitividade e innovación do comercio local
MEDIDAS PROMOCION DO EMPREGO		
491-22799	25.000,00 €	Programa de mellora na formación e cualificación profesional
231C-13101	108.966,20 €	Programa contratación temporal 12 operarios conservación mobiliario urbano - retribucións
231C-16001	41.033,80 €	seg. soc.
135-13100	18.205,22 €	Programa reforzo GAEM COVID-19 - retribucións
135-16000	13.794,78 €	seg. soc.
231C-22695	20.000,00 €	Programa impulso Turismo
MEDIDAS PROMOCION ECONOMICA		
231C-47000	700.000,00 €	convocatoria axudas para o fomento do emprego no comercio local
MEDIDAS PROMOCION SOCIAL		
231C-48003	10.000,00 €	Programa Alimenta, compra masiva de alimentos e prod. 1ª necesidade
231C-48004	30.000,00 €	Programa Xantar na escola
MEDIDAS INNOVACION TECNOLOXICA		
491-22707	20.000,00 €	Redacción estratexia dixital do Concello de Ribeira
MEDIDAS PREVENTIVAS		
231C-22197	25.000,00 €	Programa medidas preventivas COVID-19
subtotal	1.282.000,00 €	
165A-609.00	537.101,88 €	RENOVACION ALUMEADO PUBLICO, ANUALIDAD PRESTACION P4 S/ CONTRATO.
459-600.01	185.000,00 €	ADQUISICION PARCELA INSS (ANUALIAD 2020)
subtotal	722.101,88 €	
TOTAL CRED. EXTR.	2.004.101,88 €	

O financiamento deste crédito extraordinario propónse que se leve a cabo pola vía do Remanente líquido de Tesourería do Concello que se deriva de liquidación do Orzamento do ano 2019.

Polo tanto, e á vista do anteriormente exposto, apróbase esta Providencia de inicio de expediente de crédito extraordinario, dándose traslado deste acordo á Intervención Municipal, a efectos da emisión dos preceptivos informes aos que se refire o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 177.2.



Achégase xunto coa presente providencia o Plan Marco de Medidas Reactiva Ribeira asinado.

En Ribeira, a data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Manuel Ruiz Rivas



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000794C60007E3H4V5K4I2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/05/2020 17:35:06

EXPEDIENTE ::
2020MC_C000001

Fecha: 21/05/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

